

BASES DO CONCURSO “DESFILE DE COMPARSAS E CARROZAS ENTROIDO MACEDA 2024”

1. DESTINATARIOS/AS.

A participación implica a aceptación destas bases e está aberta a todas as asociacións de veciñas e veciños, culturais ou xuvenís, grupos, colexios, etc. As cuestións de dúbida, interpretación ou imprevistos que xurdan na aplicación destas bases serán resoltas pola Alcaldía.

2. LUGAR E HORA.

O desfile terá lugar o martes 13 de febreiro de 2024, con saída ás 17:30 horas dende a Praza das Canteiras de Maceda e o percorrido anunciaranse oportunamente nas redes sociais e na web do Concello o día anterior.

3.XURADO

O concurso de comparsas e carrozas terá un xurado composto por un membro da directive da Asociación de Comerciantes e Empresarios de Maceda, un membro da directiva da ANPA do CEIP de Maceda, un membro da directiva da Asociación Felos das 12 Parroquias, un membro da directiva da Asociación Felos da Corga da Serra e 1 veciño/a de Maceda a título individual.

4. CATEGORÍAS

Para este concurso establécense os seguintes premios por categorías:

Individuais e grupos de ata 5 persoas.-

1º premio 125 €

2º premio 75 €

3º premio 50 €

Concello de Maceda

Xardíns Rosalía de Castro nº 1, Maceda. 32700 (Ourense). Tlfno. 988463001.

Dirección web: <http://concellodemaceda.sedelectronica.gal>



Grupos de 6 ou máis persoas.-

1º premio 175 €

2º premio 120 €

3º premio 90 €

Carrozas.-

1º premio 175 €

2º premio 120 €

3º premio 90 €

*Tódalas carrozas participantes no desfile non premiadas terá dereito a un accésit de 40 €.

5. INSCRICIÓNS.

As inscricións das carrozas e/ou comparsas faranse a través do formulario online habilitado nas redes sociais do Concello e da web: www.concellodemaceda.org, ou a través do tf: 988317110).

O mesmo día do desfile Martes 13 de Febreiro tamén se admitirán inscricións no lugar da saída (Praza das Canteiras – Maceda), ata ás 17:15 horas.

6.- VALORACIÓN.

O xurado valorará en cada unha das categorías os seguintes criterios: Creatividade/orixinalidade, coreografía, vestuario, maquillaxe, organización interna e efecto de conxunto, número de componentes e música en directo ou efectos de son.

Cada un dos criterios recollidos anteriormente deberanse puntuar nun baremo de 1 a 10 puntos, sendo 1 a puntuación mínima e 10 a puntuación máxima outorgada.

En caso de empate, terá maior peso para o desempate a puntuación obtida en cada un dos apartados que se recollen a continuación e na orde que se detallan:

Concello de Maceda

Xardíns Rosalía de Castro nº 1, Maceda. 32700 (Ourense). Tlfno. 988463001.

Dirección web: <http://concellodemaceda.sedelectronica.gal>



- 1.- Creatividade/orixinalidade
- 2.- Coreografía
- 3.- Vestuario
- 4.- Maquillaxe.
- 5.- Organización Interna e efecto de conxunto
- 6.- Número de componentes
- 7.- Música en directo ou efectos de son

7. A PARTICIPACIÓN.

A participación nestes concursos leva implícita:

- A aceptación destas bases.
- Definición de carroza: todo vehículo ou plataforma con rodas propulsada manualmente ou a motor e deseñada e decorada especificamente para desfiles de entroido.
- Non se considerará carroza calquera vehículo ou plataforma con rodas que non teña unha decoración mínima adecuada para participar neste desfile de entroido.

8. O TRATAMENTO DOS DATOS PERSOAIS.

As persoas participantes autorizan o tratamento de datos persoais e a súa inclusión nun ficheiro xestionado polo Concello de Maceda coa finalidade de estatística. A persoa interesada poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición recoñecidos na Lei Orgánica 15/1999 mediante correo electrónico a cultura@concellodemaceda.org ou por correo ordinario á Alcaldía de Maceda (Xardíns Rosalía de Castro nº 1, 32700 Maceda).

Maceda, na data da sinatura electrónica

Concello de Maceda

Xardíns Rosalía de Castro nº 1, Maceda. 32700 (Ourense). Tlfno. 988463001.

Dirección web: <http://concellodemaceda.sedelectronica.gal>

